

XLIX CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS

O sábado 24 de setembro de 2016, celébrase o XLIX CONCURSO DE GAITAS, convertíndose no concurso máis antigo de Galiza o que coloca a Ponteareas como referencia no panorama da música tradicional galega

Bases:

1º.- Poderán participar no concurso todos os grupos de gaitas de Galicia e dos Centros Galegos do Estado Español e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional, sen modificación de ningún tipo.

2º.- As solicitudes de inscrición no modelo que facilita o Departamento de Cultura Municipal dirixíranse ao Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas. Serán gratuítas e deberán recibirse ata o día 13 de setembro de 2016. Cada un dos grupos participantes proporcionará coa inscrición, debidamente cumprimentada, o enderezo e número de teléfono de contacto (segundo modelo de inscrición anexo que se lle facilita). A selección será por rigoroso orden de inscrición. A orde de participación no concurso será a correspondente coa orde de inscrición. O día 15 de setembro, o Concello resolverá a listaxe de grupos admitidos no concurso, notificándoo a todos os inscritos.

3º.- Os instrumentos obrigatorios para concursar serán: dúas gaitas, un bombo e un tamboril. Non serán admitidos máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe rexional completo, incluíndo gorro na vestimenta masculina.

4º.- O número máximo de grupos de gaitas participantes será de doce (12).

Os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso con outro grupo.

5º.- Os grupos participantes estarán ás 16:30 horas da tarde do sábado, día 24 de setembro de 2016, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de percorrer as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Auditorio Reveriano Soutullo, onde a partir das 17:30 horas terá lugar o XLIX CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS.

6º.- Os grupos participantes interpretarán dúas pezas de libre elección que serán de raíz melódica galega. O tempo total das dúas pezas será, como máximo de 8 minutos e non se admitirá a interpretación de suites nin de popurrís.

7º.- Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario. O xurado é competente para declarar deserto algún dos premios. Terminadas as interpretacións, o xurado resolverá ao seu criterio a clasificación dos grupos participantes.

8º.- O xurado do XLIX CONCURSO DE GAITAS DE PONTEAREAS estará composto por destacados persoeiros do mundo da gaita e da música tradicional de Galiza.

9º.- Para recoller o premio deberán subir ao escenario todos os compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos tres primeiros postos, debendo vestir o traxe tradicional completo, incluído gorro.

10º Os grupos gañadores comprométese a participar nunha mostra de música tradicional que terá lugar unha vez rematado o concurso interpretando un mínimo de tres e máximo de cinco pezas de libre elección.

10º.- O Concurso de Gaitas de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

- 1º PREMIO 1.800,00 euros
- 2º PREMIO 1.200,00 euros
- 3º PREMIO 900,00 euros
- 4º PREMIO 600,00 euros

O Concello de Ponteareas abonará a todos os grupos participantes, que non obteñan premio en metálico, a cantidade de 200,00 euros pola actuación realizada, unha vez presentada a factura correspondente, no Rexistro Xeral do Concello.

11.- A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a absoluta conformidade coas decisións da organización e do xurado, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.

Ponteareas, agosto de 2016.

Hortensia Bautista Fernández
Concelleira de Cultura, Turismo, Lecer e Normalización Lingüística